

Infinitivo conxugado

Notas:

Sería conveniente que á hora de contrastar as respostas foses consultando os casos na túa gramática.

No caso de non poder conxugarse por formar parte dunha perífrase, aproveito para indicar o seu tipo, pero ti, se non cho piden, non o fas. Eu esténdome por mor das explicacións, ti contesta de forma breve (pero completa)

Recorda: hai casos en que é obrigado usar a forma conxugada para deixar claro quen é o suxeito do infinitivo e evitar así a ambigüidade sobre quen realiza a acción.

p.ex: *o profesor castigounos por falarmos/ falares/ falarmos/falardes/falaren tan alto.*

Noutros casos, aínda tendo o mesmo suxeito ca o verbo principal, conxúgase por tradición, coma nos casos en que vai precedido de preposición: *con facerdes iso non arranxades nada.*

1.-Infinitivo conxugado. Úsao cando sexa necesario e xustifícao. (XUSTIFÍCAO!)

1. Por **correr** (SUX: ti) demasiado, puxéronche (SUX: eles/ elas) unha multa.
2. Empezaron a **coller** todo o que atopaban.
3. Deberías **aclarar** esta situación.
4. Ao **chegar** (SUX: vós) á estación, preguntade (SUX: vós) por min.
5. De **facer** (SUX: nós) o que nos dixos, non teriamos (SUX: nós) problema.
6. Estamos pensando en **facer** o traballo xuntas.
7. **Comer** e **rañar** todo é empezar.
8. **Cantar** sempre me alegra o día.
9. Eses deben **ser** os pais de Lois.
10. Ás mulleres en Arabia estáballes prohibido **conducir**.
11. Casou (SUX: el, ela) con el sen o **saber** os pais. (SUX: os pais)
12. De **vir** eles, (SUX: eles, elas) cearemos(SUX: nós) no salón.

13. Sentinvos **chegar** ás tres.
14. Volvemos **facер** o mesmo.
15. A **xantar**!
16. Ignoraban(SUX: eles, elas) onde estaban os límites e iso foi un tremendo obstáculo: non **coñecer** (SUX: eles, elas) a delimitación do terreo.
17. Chegamos (SUX: nós) no momento de **entrar** (SUX: vós) vós correndo.

2.- Corrixe as formas verbais que estean mal conxugadas

NOTA: os erros están sobre todo nos **verbos con alternancia vocálica**. Non esquezas que ese fenómeno **afecta só no presente de indicativo, NON no presente de subxuntivo nin imperativo**

Fas mal cando sacudes a alfombra pola fiestra. Acudo correndo, non como acudes ti. Cómpre chuvia para a terra. Cantos anos cumpres? Cumpren máis folgos. Por que cuspes arreo? Durmes sen parar, non hai que dormir tanto. Os presos fuxen, que fuxan. Veña, fuxe dunha vez! Luce o sol, mesmo reluce; xa lucía onte. Non se sabe se sube ou baixa, ti subes? Anda, sube axiña. Sufres, amor? Que maneira de toser, como tose! Tose (imperativo) tres veces seguidas, veña! Xa xurde a toupa pola toupeira da horta. Sigues mal? Que sintes? Non creo que o sinta. Ti, segue (imperativo) dereito; síguesme? Non sirves para nada, el tampouco serve de moito. Non creo que mintan, ti mintes? Pideullo á veciña. Véstese e éspese en pouco tempo. Non vos sirveu de nada.

3.- xuño 2013. Opción A. Pregunta 4

Recorda que, ademais do valor, debes indicar sempre o tempo e o modo verbal.

- Escoitei:
- Iredes:
- Aprenden:
- Estaban:
- Partiría:

4.-setembro 2014. Opción A. Pregunta 4

- Que (l.1).
- Que (l.6).

- Que (l. 8).
- Porque (l. 12).
- Aínda que (l.16).
-

5.- setembro 2017. Opción A. Pregunta 4